

Texto e ilustracións: **CHRISTIAN VOLTZ**

Tradución: **EMMA LÁZARE**

Encadernado en cartonné. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

- Galego: "A caricia da bolboreta"
Demademora. ISBN 978-84-8464-657-0
- Castelán: "La caricia de la mariposa"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-79-6
- Catalán: "La carícia de la papallona"
Kalandraka|Hipòtesi. ISBN 978-84-935912-5-0
- Portugués: "A carícia da borboleta"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-65-1

Prezo: 12 €

A CARICIA DA BOLBORETA

Dime, avó, onde está a avoa?

Iso, meu nenínho... Hai quen di que está baixo a terra, cos vermes e coas miñocas... Mira ti!

Co medo que lle daban a ela os bichos!

Outros pensan que está alá arriba. Voando entre as nubes... Cos seus oitenta e cinco quilos! Ho! Ho! Ho!

Pero, eu ben sei... que non está tan lonxe!



PREMIO SORCIÈRES (LIBREROS Y BIBLIOTECARIOS-FRANCIA) 2007

A eterna pregunta que todos nos facemos nos primeiros anos da infancia, sobre a onde van as persoas cando morren, é o tema central deste álbum. Pero esta obra é especial, non só pola ternura que transmite a historia, senón tamén pola orixinalidade da súa proposta estética, elaborada cunha técnica mixta a base de collage e figuras en relevo elaboradas con materiais de metal, madeira e tea.

Avó e neto comparten o seu tempo no xardín, o espazo preferido da avoa da familia e onde a lembran. Christian Voltz logra o xeito de plasmar a súa presenza: con trazos de valor etéreo e tamén mediante o símbolo material dunha bolboreta, que lles acompaña, lles axuda a realizar as tarefas cotiás e, sobre todo, lles protexe...

Un libro que transmite elegancia e delicadeza pola maneira coa que explica un tema tan sensible, pola súa normalidade, pola sinxeleza coa que aborda algo tan real como a vida mesma. Cunha gran beleza estética e unha pincelada de humor, "A caricia da

bolboreta" contribúe á aceptación da morte e da ausencia de quen nos deixa, pero que permanece para sempre no noso corazón.

O catálogo de KALANDRAKA contén outros álbums infantís de temática semellante, titulados "Non é fácil, pequeno esquío" (publicado en galego, castelán e euskera) e "O neno que aprendeu a voar" (dispoñible en galego e castelán).

CHRISTIAN VOLTZ (Estrasburgo, 1967)

Realizou os seus estudos nun taller de ilustración da Escola Decorativa de Estrasburgo (Francia). Foi debuxante de portadas e ilustrador; tamén colaborou en publicacións dirixidas ao público xuvenil. É autor de varias obras ilustradas, que saíron á luz en editoriais como Rouergue entre 1997 e 2000. Asimesmo, publicou en Didier e Grandor, compañías francesas adicadas á publicación de libros infantís. Tamén traballa para unha produtora audiovisual, como director de curtas de animación.



- **Temática:** a morte, a ausencia dos seres queridos
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** representación dos seres ausentes, proposta estética a base de collage de materiais, como aramio, tea e madeira
- **Aplicacións:** explicar a morte aos nenos, o baleiro que deixan e como se percibe a súa presenza/ausencia